

A “Traslatio”

A tradición xacobeá atopa en Padrón a súa orixe, e son numerosos os lugares onde a pegada da lenda chega ate os nosos días. Na Igrexa de Santiago, situada á beira do río Sar e da Ponte do Carme, atópase unha ara romana que da nome á vila e que se indentifica como “O Pedrón”, na que –segundo a tradición– amarraron os discípulos do Apóstolo Santiago a barca que transportaba o seu cadavre dende Palestina. Apréciase a seguinte inscrición: “*A Neptuno o Foro Iriense cos seus cartos*”. Dende a idade media, os peregrinos tiñan por costume abrazala. Continuando o percorrido polo templo, atopamos un púlpito gótico do século XV e o escudo arcebispal de Rodrigo de Luna. Na parte dereita a representación de Santiago Peregrino con aspecto mundano, unha talla do Apóstolo do século XVIII atribuída ao mestre José Gambino, coñecida popularmente como “O Parrandeiro”, porque cada 25 de xullo sobe á ermida do Santiaguíño a lombos dos mozos. É no monte San Gregorio –ao que acedemos subindo as escaleiras do Víacrucis e onde cada 25 de xullo se celebra a romaría do Santiaguíño– no que atopamos outras referencias á tradición xacobeá: a capela coa tumba de Gregorio, a casa do ermitán, a fonte milagreira e o conxunto dos penedos coa figura de Santiago. Todo, nun conxunto de gran beleza paisaxística e dende o que se pode contemplar a mellor panorámica do val de Padrón.



Escudo barroco (s. XVII), no timbre coroa ducal. Combinación do escudo da Vila (Traslatio do Corpo do Apóstolo Santiago, acompañado dos seus discípulos Teodoro e Atanasio) cos do Reino Castelán-Leóns (castelos e leóns) e Galicia (hostia), dúas cunchas de vieira (alusión ao camiño de Santiago). Un sol, representa o luceiro que guiou a Barca dende “Haffa” (Palestina) ata Iria Flavia, no século I d. C.



Igrexa de Santiago (s. X), ampliada no século XII polo Arcebispo Xelmírez (inscrición no interior, entrando pola porta do Espolón: Diego, Prelado da igrexa compostelán reedificouna na era de 1171 (ano de 1123); reformada no séculos XVI e XVII. A actual rematouse de estilo neoclásico por don José Piquet (1867).

Cruceiro de Fondo de Vila (s. XV). Doado por Juan de Loreda. Representacións alegóricas: caveiras, tibias, píntegas. No fuste representación da figura do Apóstolo peregrino.



Desenho: Siroto Salazar • Imagem: La Balsa (Santiago)



Concello de Padrón
Concellería de Cultura e Turismo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo

Ayuntamiento de Padrón: Rúa Longa, 27 • 15.900 Padrón (A Coruña)
Teléfono: 981 810 451 / 981 810 400 • www.concellodepadron.org



O Camiño da Traslatio



Ponte de Santiago, obra de Juan Peón (1904), ponte medieval reformada ao longo dos séculos. Ao lado dereito estaba a antiga Torre Moucha, construída para defensa do Porto de Murgadán, atacada pola Revolta Irmandiña (s. XV), e derrumbada (1832). Ao noroeste, campo da Barca, lugar onde os padroneses agocharon a pedra en forma de barca, xa que os peregrinos asociábana coa barca de pedra e arrincábanlle anacos.




Santiaguíño do Monte, santuario paleocristián. Lugar histórico de Peregrinacións xacobeas dende a Idade Media, impulsado no século XV polo Arcebispo Rodrigo de Luna e nos principios do século XX polo Arcebispo Martín de Herrera. Conta a tradición que nos penedos predicou o Apóstolo Santiago aos xentís, que co seu báculo fixo brotar embaixo da ermida a fonte milagreira. Cada 25 de xullo celébrase a típica romaría do Santiaguíño (declarada de Interese Turístico dende 1943).



Lenzo que representa a chegada do corpo do Apóstolo a Iria Flavia.

A Casa do Concello


Pazo do século XV reformado no 1794 en estilo neoclásico polo mestre don Francisco Domínguez. No escudo de enriba da balconada represéntase a Traslatio: Os discípulos Teodoro e Atanasio acompañan ao corpo de Santiago ata Iria Flavia, nunha barca conducida por un anxo e guiada por unha estrela, barca que amarran ao Pedrón (ara romana) e que dará nome á Vila. As vieiras representan o Camiño de Santiago. Este escudo é o emblema municipal. No Arquivo Histórico do Concello consérvanse os pergameos que conteñen os Privilexios de Padrón concedidos polos monarcas españois dende Fernando II no 1164 ata Felipe V (1708), por ser o lugar de arribada do Corpo do Apóstolo Santiago.



Escaleiras e Viacrucis do Santiaguíño, 125 chanzos. Sufragadas polo mecenas padronés Vidal Cepeda (1899).




Ermita do Santiaguíño. Obra do Arcebispo Rodrigo de Luna (s. XV), Reformada no século XIX.




Imaxe pétrea de Santiago.




Escudón de Rodrigo de Luna (s. XV), no dintel oeste da ermida do Santiaguíño.



Fonte milagreira do Santiaguíño.



Fonte do Carme, obra do mestre santanderino Pedro de La Bárcena (1577), reformada no 1789. Iconografía xacobeá, na fornela o Apóstolo bautizando á Raíña Lupa no corpo inferior, representación da Traslatio, no Inferior a Virxe do Carme, remprazada pola Virxe das Dores, de gran devoción polas parturientes.



Santiago "O Parrandeiro".



Tumba do cóengo Gregorio.

